

6 de setembro de 2017

Gabinete da Conselleira
de Infraestruturas e Vivenda

Xunta de Galicia || Edif. Administrativo San Caetano || 15781 Santiago de Compostela || Teléfono 981 54 43 05 - 07

Documento recollido por Confapa Galicia sobre a instrución que a Consellaría comunicou ás empresas adjudicatarias do transporte escolar a partir deste mes de setembro de 2017

FUNCIÓNS DA PERSOA ACOMPAÑANTE

A función principal da persoa acompañante no transporte escolar, cuxa presenza será obrigatoria segundo o establecido no Real decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores, é a vixilancia e o coidado do alumnado transportado, durante o tempo que permanezan no vehículo e mentres soben e baixan do mesmo.

En concreto, como acompañante, deberá cumprir as seguintes funcións:

- Coidar da seguridade dos/das menores durante o transporte, e procurar que non se produzan altercados durante as viaxes.
- Ir perfectamente identificado/a e dispor de material básico de primeiros auxilios.
- Coñecer o funcionamento dos mecanismos de seguridade do vehículo.
- Encargarse da recollida e acompañamento do alumnado durante o seu transporte, das operacións de acceso e abandono do vehículo, así como de acompañalo dende o mesmo ata a entrada ao recinto escolar e viceversa. Nos casos en que o alumnado sufra dificultades especiais, deberá asistirlo e asegurarse de que ocupan os seus respectivos asentos.
- Comprobar que cada alumna/o baixe na parada que lle corresponde. Asegurarse de que son recollidas/os polos seus pais/nais ou persoa autorizada para facelo. De non ser así, non deixar que baixen do bus, procedendo a chamar ao centro escolar ou á súa familia, se é o caso.
- Revisar, unha vez finalizado o transporte, o interior do autobús para asegurarse de que non queda ningún escolar e non existen obxectos abandonados dentro do vehículo.
- O acompañante deberá ocupar praza nas inmediacións da porta de servizo central ou traseira e, por razóns organizativas, tentará preferentemente que todos os/as alumnos/as estean ubicados nunha mesma zona do autobús, garantindo a adecuada supervisión destes.

6 de setembro de 2017

Gabinete da Conselleira
de Infraestruturas e Vivenda

Xunta de Galicia || Edif. Administrativo San Caetano || 15781 Santiago de Compostela || Teléfono 981 54 43 05 - 07

- Comprobar que os/as alumnos/as menores de 12 anos non ocupen prazas contiguas á do/a condutor/a e que non o/a molesten. Aqueles/as que teñan algunha discapacidade situaranse nas prazas máis próximas ás portas de saída.
- Asegurar o cumprimento das normas de uso e utilización do vehículo por parte do alumnado, instruindo ao mesmo na obediencia a estas normas e no bo comportamento dentro do autocar.
- Coordinar as operacións de evacuación do vehículo e atender o alumnado ferido, no seu caso, cando se produzan avarías ou accidentes de circulación, avisando tanto aos servizos de urxencias médicas, cando sexa necesario, coma ao centro e ás familias que corresponda.
- Coidar do alumnado afectado por indisposicións leves. En caso de maior gravidade, avisar tanto aos servizos de urxencias médicas, como ao centro e ás familias que corresponda.
- Comprobar que todos os vultos, tales como mochilas, bolsas, etc., do alumnado están colocadas no lugar axeitado, e que non molestan o paso ou os accesos ao vehículo.
- Responder coa máxima calma e seguridade posible en caso de que se dea unha situación difícil durante o traxecto, comunicándoo inmediatamente á dirección do centro educativo.
- Ante calquera incidencia producida durante o traxecto, deberá dar debido coñecemento tanto ao condutor, de ser o caso, coma á dirección do centro docente; no caso de estar relacionada con usuarios do servizo de uso xeral distintos dos escolares, deberá dar traslado inmediato (a través do medio que se especifique) tanto á consellería competente en materia de transporte coma aos corpos de seguridade, no caso de ser necesaria a súa intervención. A tales efectos, deberá presentar o correspondente parte ao finalizar cada traxecto, informando das incidencias acaecidas ao longo do mesmo.

En calquera caso, como empregado da empresa concesionaria, tanto o acompañante como o condutor do autobús dispoñen da potestade de impedir o acceso ao autobús de calquera viaxeiro que puidera ser un perigo ou risco para os menores. Nestes casos, igualmente, o acompañante porá dita circunstancia en coñecemento da consellería competente en materia de transporte e dos corpos de seguridade.

- Aceptar o control e inspección da consellería competente en materia de transportes sobre o servizo de acompañante levado a cabo nos autocares.